



Asunto: consulta sobre o alcance do estudo de impacto ambiental na avaliación de impacto ambiental ordinaria

Proxecto: solución de evacuación conxunta PE Axóuxere, PE Cunca e PE Rodeira

Promotor: Green Capital Power, SL

Localización: concellos de Lalín, Silleda e Vila de Cruces (Pontevedra)

Clave: 2020/0165

Antecedentes

O 29.07.2020 a Dirección Xeral de Enerxía e Minas remítenos un oficio no que solicita que o órgano ambiental elabore o documento de alcance do estudo de impacto ambiental (EslA) do proxecto, ao abeiro dos artigos 33 e 34 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e xunta o documento de inicio presentado polo promotor.

Achegan, xunto coa solicitude de determinación do alcance do EslA presentada polo promotor o 14.04.2020 e os arquivos en formato shape do proxecto, o documento titulado *Documento de inicio de la Solución evacuación conxunta PE Axouxere, PE Cunca y PE Rodeira. Concellos de Lalín, Silleda y Vila de Cruces (Pontevedra). Marzo 2020*.

Resumo do proxecto

Segundo a documentación achegada, o proxecto consiste na solución de evacuación conxunta da enerxía xerada nos parques eólicos Axouxere, Cunca e Rodeira, os tres promovidos por Green Capital Power, SL no concello de Vila de Cruces (Pontevedra), e que actualmente se atopan en fase de tramitación administrativa.

A solución de evacuación terá orixe na subestación do PE Axóuxere e fin na SET Silleda 400 kV, existente, propiedade de Red Eléctrica España (REE), e estará conformada polas seguintes infraestruturas:

- LMT SE PE Axóuxere – SE PE Cunca: liña eléctrica aérea a 30 kV de tensión e 2,5 km de lonxitude entre a SE do PE Axóuxere e un apoio proxectado da LMT SE PE Cunca – SE PE Rodeira, situado nas proximidades da subestación do PE Cunca.

- LMT SE PE Cunca – SE PE Rodeira: liña eléctrica aérea a 30 kV de 2,6 km de lonxitude entre a subestación do PE Cunca e a SET do PE Rodeira. Terá dous tramos, un primeiro en circuíto simple e 100 metros de lonxitude entre a subestación do parque eólico e o apoio proxectado da LMT SE PE Cunca – SE PE Rodeira, tamén mencionado no parágrafo anterior, e un segundo tramo en dobre circuíto e 2,5 km entre o dito apoio e a SET do PE Rodeira.

- LAT SE PE Rodeira – SET colectora Silleda: liña eléctrica aérea a 132 kV de tensión nominal e 4,1 km de lonxitude, entre a subestación do PE Rodeira e a futura SET colectora Silleda 132/400 kV. Tamén terá dous tramos, un primeiro tramo en dobre circuíto e 2 km de lonxitude entre a SET do PE Rodeira e un apoio de conexión coa LAT 132 kV procedente da SET do PE Turubelo e un segundo tramo en circuíto simple e 2,1 km entre o dito apoio e a subestación colectora Silleda 132/400 kV.

Ademais proxéctase a construción da subestación Colectora Silleda 132/400 kV, no concello de Silleda (Pontevedra) que se construírá nas proximidades da SET Silleda 400 kV de REE e a LAT 400 kV conexión a SET Silleda, duns 300 metros de lonxitude, que conectará a dita subestación colectora coa SET Silleda 400 kV de REE a través da cal se interconectará coa rede de transporte.

A lonxitude total da solución de evacuación proxectada será duns 9,5 km e discorrerán polos concellos de Vila de Cruces, Lalín e Silleda (Pontevedra).

Consulta

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), modificada pola Lei 9/2018, do 5 de decembro, (BOE núm. 294, do 06.12.2018), establece no seu artigo 7.1 d) que os proxectos incluídos no apartado 2 do dito artigo serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental ordinaria cando así o solicite o promotor.

Entre os proxectos do dito apartado 2 figuran os comprendidos no anexo II da lei, que no seu grupo 4.b recolle a construción de liñas para a transmisión de enerxía eléctrica (proxectos non incluídos no anexo I) cunha voltaxe igual ou superior a 15 kV, que teñan unha lonxitude superior a 3 km, salvo que discorran integramente en subterráneo por solo urbanizado, así como as súas subestacións asociadas.





Este sería o caso da actuación pretendida, tendo en conta a voltaxe e lonxitude total aproximada (9,5 km) e polo tanto sería obxecto dunha avaliación de impacto ambiental simplificada.

Non obstante, segundo o recollido no documento de inicio o promotor opta polo sometemento do proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinaria de acordo co **artigo 7.1 d)** da referida lei.

Tendo en conta o anterior, o proxecto someterase ao trámite de **avaliación de impacto ambiental ordinaria**.

Así mesmo, o promotor presenta a solicitude de determinación do alcance do EsIA e o documento de inicio ao abeiro do artigo 34 da antedita lei, para que o órgano ambiental elabore o documento de alcance do estudo de impacto ambiental (EsIA) que terá que presentar no marco da tramitación administrativa.

Polo tanto, **consúltaselle** para que, de acordo coas súas competencias, especialización ou ámbito de actuación, nos informe en relación co alcance e contidos específicos que debería incluír o dito estudo de impacto ambiental, sinalando o tipo e grado de detalle da información ambiental que consideran necesaria, así como calquera outra observación sobre posibles alternativas de actuación, informacións ou normas que deban ser consideradas polo promotor na redacción do estudo.

Solicítase a maior concreción posible nas súas consideracións, tanto as relativas aos contidos específicos do EsIA como, de ser o caso, as referentes a posibles alternativas e/ou modificacións do proxecto que se lle puidesen suxerir ao promotor.

O prazo para a contestación desta consulta é de 30 días hábiles contados desde a recepción desta solicitude. De non emitir o seu pronunciamiento no prazo sinalado, procederase de acordo co punto 4 do referido artigo 34.

Poderá descargar temporalmente a **documentación** obxecto desta consulta introducindo a clave indicada no encabezamento deste oficio no recadro "código do proxecto" da páxina web á que se acede mediante a seguinte ligazón:

<http://cmatv.xunta.gal/participacion-avaliacion-proxectos>

Nota: prégase que na súa contestación cite a clave do expediente.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Mónica Pérez Medina
Subdirectora xeral de Avaliación Ambiental
(asinado electronicamente)

CONCELLO DE VILA DE CRUCES

